

1 Líder



premioslíder 2019
fútbol-base lucense


A GALA DOS SONOS

feitos realidade

Chegou o gran día. Hoxe a partir das 20:00h o Auditorio Gustavo Freire de Lugo acolle a undécima edición dos Premios Líder ao fútbol base lucense, unha cita inesquecible para todos os protagonistas que será aínda máis especial para o Balón de Ouro da temporada 2018/2019

O Burela exhibiu fondo de armario e acaricia o ascenso

OS DE JAVI RUIZ ESTÁN A UNHA ELIMINATORIA DO ASCENSO tras unha vitoria contundente ante o Numancia con protagonistas destacados distintos aos que desnivelaron o partido de ida



Árbitro: Jorge Marful Campos. Ángel Ron e Manuel Martínez. Campo: Anexo A Marosa

O Burela volve estar a 160 minutos da Liga Galega infantil. Os de Javi Ruiz apareceron da fase de ascenso con contundencia ao Numancia de Ares cun global de 11-3 na eliminatoria.

O cruzamento viña practicamente sentenciado co 1-5 co que finalizou o encontro de ida pero o Burela era consciente de que os primeiros minutos do encontro de volta, nos que o Numancia apuraria

as súas últimas opcións, serían claves.

Con todo, os de Javi Ruiz demostraron que son un equipo con moitos recursos. No partido de ida Fernando e Adrián acapararon o protagonismo pero no partido de volta Iván cun hat trick e a solvencia de Iago no centro da defensa acapararon os focos de atención nun equipo que volveu render a un gran nivel.

O un a cero non se fixo agardar e chegou aos cinco



Gayoso controlando o balón nun partido desta fase de ascenso á Liga Galega infantil

de xogo ao culminar Iván unha contra mentres que, tan só dous minutos despois, Rafa ampliou a diferenza e sentenciou por completo a eliminatoria.

A partir de aí o Burela tomouse un permitido descanso e o Numancia marcou dous goles cos que empatou momentaneamente o

encontro.

Antes do intermedio, Iván volveu acudir á súa cita co gol para poñer o tres a dous no marcador ao rematar un centro de Mateo.

O Numancia baixou por completo os brazos na segunda parte e o Burela aproveitou os segundos corenta minutos para seguir

gañando en confianza ata levar o marcador ata o definitivo seis a dous.

O Sálvora é agora o último rival que separa aos de Javi Ruiz do soño da Liga Galega infantil. O primeiro encontro da eliminatoria disputarase en Ribeira e o de volta na Marosa. O Sálvora chega a esta rolda tres

“Volvemos a demostrar a unión que ten este grupo de xogadores. Agora quedan dous pasiños para alcanzar o soño do ascenso”

JAVI RUIZ Burela

11-3

GLOBAL ELIMINATORIA

O Burela foi moi superior ao Numancia de Ares nos 160 minutos da eliminatoria. Agora os de Javi Ruiz xogaranse unha praza na Liga Galega ante o Sálvora

eliminar ao Oza xuvenil, 4-1 e 1-1, e ao Orillamar, 0-2 e 5-2, polo que non perdeu ningún dos catro encontros que disputou ata a data nesta fase de ascenso.



Árbitro: Héctor Castañeira, Christian Grille e Harold Vasquez. Campo: Dani Mallo



Alejandro e Lucas celebrando un gol no Marcos Gómez

Boiro, última pedra no camiño do Viveiro

OS DE ANTONIO SERRANO serán novo equipo da Liga Galega infantil se superan a última eliminatoria da fase de ascenso

O Viveiro segue mostrándose intratable nesta fase de ascenso na que suma 17 goles a favor e ningún en contra nos catro encontros disputados.

Tras superar a Estrada e Cambre con suficiencia, aos de Antonio Serrano tan só lles queda unha rolda para dar o salto de categoría. Unha eliminatoria na que se medirán co Boiro, que nesta fase de ascenso apeou da competición ao Cee, 4-1 e 1-1, e ao Villestro, 3-0 e 2-2.

“Una última eliminatoria para soñar”

ANTONIO SERRANO Viveiro CF

ç, gañando os dous encontros de casa e empatando os dous de fóra. O Viveiro terá o factor campo a favor ao xogar a volta no Marcos Gómez pero un bo resultado en Boiro se antólase clave nesta eliminatoria.

Ante o Cambre, o cruzamento chegaba sentenciado tralo 5-0 do partido de ida pero si quedaba algunha dúbida, Adrián despexounas por

completo cun gol de falta directa ao cuarto de hora.

A partir de aí, o Viveiro empezou a pensar na última eliminatoria. Antonio Serrano protexeu aos seus xogadores de posibles tarxetas e Lucas reconciliouse co gol ao facer o cero a dous antes do descanso.

Na segunda parte, Alejandro, que fixo catro nesta eliminatoria ante o Cambre, pechou o marcador final para un Viveiro que segue sen encaixar un só

tanto nos catro encontros que disputaron os celestes nesta fase de ascenso á Liga Galega infantil.

+17

GOLES A FAVOR O Viveiro aínda non encaixou gol nos catro encontros que disputou nesta fase de ascenso na que asinou 17 a favor, cunha media de máis de catro por encontro

OS MELLORES

VIVEIRO
ALEJANDRO 2 1 1
ADRIÁN 1 1 1
LUCAS 1



Alex Fernández protexe o coiro de espaldas a un rival

Punto e final á travesía do Polvorín

O CONXO SANTIAGO ELIMINOU AOS DE CABALLERO tras un encontro no que os lucenses soñaron co pase tralo 1-0

O Polvorín puxo o punto e final á tempada e ao soño do ascenso tras caer ante o Conxo Santiago na penúltima eliminatoria da fase de ascenso á Liga Galega cadete. Os de Caballero pecharon o curso cun notable alto tras ser campións provinciais e con iso poder disputar a eliminatoria de campións. Outro equipo santiagués, neste caso o Compostela, obrigou aos de Montirón a coller o camiño máis longo que o Conxo Santiago cortou imponéndose nos dous encontros.

O Polvorín tiña que remontar o dous a un do partido de ida, e soñouse con iso pese ao un a catro final.

A posta en escena dos de Caballero foi moi boa, con intensidade e intentando que se xogase en campo rival. A dose de moral que facía falta chegou no ecuador da primeira parte co un a cero de Raúl tras un saque de esquina.

2

ELIMINATORIAS ante conxuntos de Santiago nas que o soño do ascenso se esfumou. A primeira ante o Compostela e a segunda ante o Conxo Santiago cos dous partidos de volta disputados en Montirón

1-2

CLAVE NA ELIMINATORIA tras adiantarse o Polvorín no partido de volta e empatar o Conxo Santiago, o un a dous nos últimos minutos da primeira parte desnivelaron a eliminatoria por completo

O Polvorín estaba a un gol de pasar a eliminatoria e o que era máis importante, o Conxo Santiago estaba tocado.

Cando peor o pasaban os composteláns chegou o un a un nunha acción illada, pero aínda así o Polvorín



Arbitro: Yago Amil, Carlos Casás e Ismael Martínez. Campo: O Polvorín

“Gracias a los chavales por el esfuerzo y compromiso en este tiempo que hemos pasado juntos” CABALLERO Polvorín

estaba a un gol de forzar o lanzamento de penaltis.

O cansazo empezou a facer mella nos lucenses e o un a dous nunha das últimas xogadas da primeira parte foi unha estocada dema-

siado profunda, deixando ao Polvorín moi tocado de cara a unha segunda parte na que, co un a tres o partido e o soño do ascenso se esfumaron, pero sin empañar o máis mínimo a tempada dos de Caballero.

OS MELLORES

POLVORÍN	
ÁLEX F.	1 1 1
RAÚL	1 1 1
NICO	1



O amarelo Nico a piques de enviar un balón en longo




Manu Couce trata de facerse cun balón na área

O Álex Blanco volverá ser decisivo

OITENTA MINUTOS SEPARAN AO CALASANCIO DO ASCENSO Á LIGA GALEGA. Un partido que se disputará en Monforte e no que os de Carlos Fontal teñen que remontar o 2-1 do partido de ida



Iker celebrando un gol esta tempada no Álex Blanco | DOSI



Arbitro: Juan Carlos Pérez, Antonio Cortizo e Pablo Alonso. Campo: A Searra, Ribadumia

O Calasancio está no punto que posiblemente asinaria estar a principio de tempada. Xogándose o ascenso a un partido co factor campo para remontar un axustado 2-1 co que se impuxo o Ribadumia no partido de ida.

Un encontro marcado polas dimensións do terreo de xogo, moi estreito, polo que practicamente todo o protagonismo levárono as accións a balón parado e o fútbol directo.

Ao Calasancio custou-

“Sabíamos que nos encontraríamos muchas dificultades. Nos queda un último esfuerzo para conseguir el objetivo” CARLOS FONTAL CP Calasancio

Ile un pouco meterse en partido, pero tivo a primeira ocasión clara antes de que, tras unha indecisión defensiva, o Ribadumia inaugurase o marcador.

Co un a cero chegouse ao descanso, pero a posta en escena na segunda parte foi mellor por parte do Calasancio, que tras un lanzamento de falta de Miguel que o porteiro local enviou a córner, no saque de

esquina Adrián fixo o empate a un.

Pouco Ile durou a alegría ao Calasancio, xa que o dous a un chegou poucos minutos despois.

A partir de aí, coa entrada de Samuel, o Calasancio iniciou un asedio sen derruba que espera culminar o vindeiro sábado a partir das 18:30 horas no Álex Blanco para celebrar o regreso á unha Liga Galega cadete que xa agarda polos monfortinos.

OS MELLORES

CALASANCIO	
SAMUEL	1 1 1
ADRIÁN	1 1 1
CÉSAR	1

COPA DEPUTACIÓN INFANTIL

OITAVOS

Piringalla 7
RC Villabés B 3

OITAVOS

Sagrado C. 4
SD Antas 3

CUARTOS

Piringalla* 1
Sagrado C. 1

CUARTOS

CD Lugo B 12
CD Foz 1

OITAVOS

CD Lugo B 6
Palas CD 0

OITAVOS

CD Castro 3
CD Foz 5

SEMIFINAIS

Piringalla 2
CD Lugo B 4

FINAL

CD Lugo B 3
SD Ribadeo 2

SEMIFINAIS

Lourenzà 0
SD Ribadeo 3

OITAVOS

ED Lourenzà 7
AD Ferroviaria 1

OITAVOS

Residencia B 3
Viveiro CF 1

CUARTOS

Lourenzà 8
Residencia B 3

CUARTOS

SD Becerreá 1
SD Ribadeo 5

OITAVOS

SD Becerreá* 1
SD Sarriana 1

OITAVOS

SD Ribadeo 7
EF Polvorín A 0

* Clasificado na quenda de penaltis

Dani deulle o título ao Lugo B

HAT TRICK DO ALBIVERMELO ANTE O RIBADEO NA MINA. Os mariñaos asediaron a portería capitalina, pero entre Jorge e os postes non atoparon o camiño do empate



Bruno trata de manter o coiro presionado por Miguel



Dani tras asinar o 2-1 cun lanzamento de falta directa

O Lugo B proclamouse campión de Copa tras vencer ao Ribadeo. O acerto dos albivermellos nas contras decantou un partido igualado e de moita intensidade na Mina, onde os ribadenses atoparon máis dificultades para xogar as súas bazas.

Dani, que acabaría converténdose no gran protagonista do encontro cun hat trick, abriu o marcador aos dez minutos da pri-

meira metade cunha vase-lina que culminou un certo pase de André por riba da defensa rival. O Ribadeo acusou o golpe pero, co paso dos minutos, recobrou a confianza e inquietou a portería de Iago con ocasións en xogadas a balón parado. Brais e David puideron igualar o encontro en dous saques de esquina.

O empate chegou no inicio da segunda metade, noutro córner no que, des-



Arbitro: David Rodríguez López Campo: A Mina - A Pontenova

“Un privilegio entrenar a este grupo de jugadores y compartir vestuario con Iván Noé. Gracias a todos” **ANTÓN MÉNDEZ** Lugo B

“Noraboa ao Lugo B e sobre todo aos meus rapaces” **MORO** Ribadeo

pois de varios rexeitamentos, Igna enviou o balón ao fondo das redes. O gol deu ás aos ribadenses, que tiveron nun man a man de Carlos e nun remate de Xavi que se estrelou contra a madeira a posibilidade de poñerse por diante. O Lugo B respondeu con máis eficacia. En apenas cinco minutos Dani fixo o 3-1, primeiro cun lanzamento de falta directa, e o segundo culminando cun extraordinario golpeo outra boa xogada do equipo.

O título afastábase, pero quedaban vinte minutos e o Ribadeo non tirou a toalla. Carlos recurto axiña distancia e os últimos minutos foron un asedio por parte dos de Moro, negados de cara a portería, con ata dous remates á madeira en xogadas con todos os efectivos volcados sobre a área de Lugo, que aguantou o acoso sen caer. O premio foi o último trofeo da temporada, un bo anticipo para a vindeira campaña que xa será en Liga Galega.



Ambos conxuntos fotografáronse xuntos tralo encontro



Álex coa Copa Deputación



Roi recibe un recoñecemento



A SD Ribadeo ao completo posando coas súas medallas




Os xogadores albivermellos celebrando o título

CAMPIÓN INFANTÍS COPA DEPUTACIÓN CD LUGO B

TEMPADA 2018 | 19



PROVINCIAL XUVENIL



PROVINCIAL CADETE



PROVINCIAL INFANTIL



F-8 ALEVÍN



F-8 BENXAMÍN



F-8 PREBENXAMÍN



124 premiados, 10 mellores xogadores e 1 Balón de Ouro

Unha tempada máis o fútbol base lucense corre o telón coa Gala dos Premios Líder ao fútbol de formación. Un acto no que se recompensa o esforzo e dedicación de xogadores, adestradores, árbitros e clubs de toda a Provincia ao longo do curso.

Os diferentes equipos ideais da tempada son froito da elección dos propios protagonistas. Nas categorías provinciais, os xogadores que forman os mellores oitos e onces das súas respectivas ligas son elixidos baixo un sistema de votacións no que participan todos os capitáns e adestradores dos equipos que se clasificaron para os campionatos provinciais.

Tralas votacións e o recuento saen definidos os equipos ideais, mentres que nas competicións superiores, infantil Galega, cadete Galega e División de honra, xuvenil Galega, Nacional e División de Honra os mellores equipos créanse tralo consenso entre a redacción do Líder e os adestradores de cada equipo, que tiveron a última palabra na configuración.

Cada equipo ideal do fútbol base lucense terá ao mellor árbitro de cada categoría, que tamén foron escollidos tralas votacións dos diferentes adestradores. Ademais, cada equipo ideal terá un mellor xogador de cada categoría, que se coñecerá ao longo da Gala.

Como punto e final, o colofón co premio máis esperado da tempada, o do Balón de Ouro do fútbol base lucense, que sairá de entre os mellores xogadores de cada categoría.

A nivel colectivo tamén se recoñecerá a todos os campións provinciais, así como aos equipos que esta tempada conseguiron algún ascenso de categoría.

Dentro dos premios especiais concederáse a bota de Ouro ao máximo goleador da categoría xuvenil de ligas superiores, que leva o nome de Trofeo Jorge Tato, e haberá tamén outros recoñecementos que se irán desvelando ao longo da velada.

As portas do Auditorio Gustavo Freire abriranse para os premiados ás 19:40 horas. A partir de aí a entrada será libre e gratuita para o público en xeral ata completar aforo.

PREMIADOS XUVENIL HONRA - NACIONAL



PREMIADOS XUVENIL LIGA GALEGA



PREMIADOS CADETE HONRA - GALEGA



PREMIADOS INFANTIL LIGA GALEGA



COPA DEPUTACIÓN CADETE

DEZASEISAVOS SD Becerreá - ED Lourenzá R.				DEZASEISAVOS SD Sarriana B 0 Sagrado C. 7			
OITAVOS Residencia B 5 EF Polvorín B 1		OITAVOS SP Pontenova 3 SD Becerreá 0		OITAVOS CP Casás 2 Sagrado C. 3		OITAVOS CD Foz 4 RC Villalbés B 1	
CUARTOS Residencia 1 Sp. Pontenova 3		SEMIFINAIS Sp. Pontenova 1 SD Sarriana 4		SEMIFINAIS Sagrado C. 1 SD Burela 3		CUARTOS Sagrado* 2 Foz 2	
CUARTOS SD Sarriana 2 Ferroviaria 0		FINAL SD Sarriana* 1 SD Burela 1		CUARTOS SD Burela* 2 Monterroso 2		OITAVOS SD Burela 4 Viveiro CF B 1	
OITAVOS SD Antas 0 SD Sarriana 5		OITAVOS AD Ferroviaria - UD Xove Lago R.		OITAVOS SD Monterroso 2 ADC Piringalla 1		DEZASEISAVOS SD Monterroso 3 AT. Abuin 1	

* Clasificado na quenda de penaltis

Á cuarta foi a vencida da Sarriana

A XERACIÓN ADESTRADA POR EDGAR IMPÚXOSE a Burela na quenda de penaltis tras catro temporadas consecutivas chegando á final da Copa Deputación

SD SARRIANA Gol: Richi		BURELA SD Gol: Antonio	

Arbitro: Adrián Fernández Calvin Campo: Anexo A Magdalena

OS MELLORES

SD SARRIANA	SD BURELA
TODOS	BRAIS P.
TODOS	DANI J.
TODOS	SERGIO

A Sarriana levouse a Copa Deputación cadete tras a sorte dos penaltis logo de 80 minutos de máxima igualdade en Vilalba. A xeración adestrada por Edgar levaba catro anos chegando á final se lograr o premio, e á cuarta chegou a vencida para este grupo de xogadores que pon o broche de outro a unha temporada na que tamén se clasificaron para o Campionato Provincial.

O Burela, pola súa banda, pecha tamén un gran ano no que atoparon na Copa a maneira de resarcirse dunha segunda fase na que os resultados non acompañaron, conseguindo chegar á final tras superar eliminatorias complicadas.

O encontro púxose pronto de cara para o

conxunto mariño, que nos primeiros minutos se adiantaba grazas a un gol de Antonio de cabeza tras un córner. A partir de aí a Sarriana levou o peso do partido e o Burela limitouse a agardar a súa oportunidade á contra, pero ningún dos equipos foi quen de xerar ocasións claras e chegouse ao descanso co 0-1 a favor dos de Ramiro Chaves.

Tralo intermedio a Sarriana deu un paso adiante e, pese á expulsión de Ayán, conseguiron forzar un penalti que Richi transformaba a escasos 10 minutos para o asubio final. Ambos equipos arriscaron buscando o gol que desfixera a igualdade, e Dani Jiménez tivo a máis clara para o Burela cun disparo ao pau, pero o encontro chegou á quenda de penaltis na que a sorte sorriu á Sarriana, tras transformar todos os seus lanzamentos.

“Triunfo merecido. Esta xeración levaba 4 anos buscando a Copa e por fin a conseguiron. Noraboa a todos!”

EDGAR SD Sarriana

“Independientemente do resultado estou orgulloso deste grupo. O traballo, a actitude e o compromiso na competición foron impecables. Noraboa á Sarriana”

RAMIRO CHAVES SD Burela



Sarriana e Burela posan xuntos logo da entrega de premios na Magdalena



O sarriao David a piques de deter o primeiro penalti



Os xogadores da Sarriana e Edgar celebran o título



Os colexiados tamén recibiron o seu recoñecemento



O burela Azael vaise por velocidade de Munir

CAMPIÓN S CADETES COPA DEPUTACIÓN SD SARRIANA

TEMPADA 2018 | 19



COPA DEPUTACIÓN XUVENIL

OITAVOS Viveiro CF B 3 Polvorín FC* 3	OITAVOS UD Xove Lago 0 SD Monterroso 2	OITAVOS SD Ribadeo 2 Sagrado C. 1	OITAVOS CD Foz R. SD Sarriana -
CUARTOS Polvorín FC 2 Monterroso 1	SEMIFINAIS Polvorín FC 9 Lourenzán 0	FINAL Polvorín FC* 0 Sarriana 0	SEMIFINAIS Sarriana 2 Residencia B 0
CUARTOS Lourenzán 4 San Ciprián 2			CUARTOS SD Ribadeo 2 * SD Sarriana 2
OITAVOS Lourenzán 2 Becerreá 1	OITAVOS San Ciprián 6 SDC San Roque 2		CUARTOS * Residencia B 1 SD Burela 1
		DEZASEISAVOS Residencia B 4 Quiroga CF 0	DEZASEISAVOS * Palas CD 2 CD Corgo 2
			OITAVOS Residencia B 5 Palas CD 0
			OITAVOS CD Cospeito 2 SD Burela* 2


* Clasificado na quenda de penaltis

O Polvorín, campión nos penaltis

SPEEDY transformou o lanzamento decisivo para o equipo de Kubala despois de noventa minutos sen goles na Cheda, que acolleu a final da Copa, último trofeo da temporada



Kubala sendo manteado polos seus xogadores



Arbitro: Jesús Adán Gallego Campo: A Cheda



O amarelo Sebas coa Copa

O capitán sarriano, Edgar



Momento no que se premiou aos árbitros do encontro

“Noraboa ao grupo de xogadores que mereceron esta vitoria polo traballo que fixeron durante o ano”

KUBALA Polvorín FC

“Felicidades al Polvorín FC. Agradezco a mi equipo los momentos y situaciones vividas, que nos hicieron mejorar a todos”

ALBERTO PÉREZ Sarriana

solventou o perigo.

Tras o paso polos vestiarios a dinámica seguiu a ser a mesma, co Polvorín tratando de manexar o balón e a Sarriana disposto a xogar as súas bazas á contra.

A entrada de Manucho, ousado no un para un, incrementou a presenza en ataque dos de Alberto Pérez. Fronte os achegamentos máis continuos do

Polvorín, que non lograba finalizar as accións con claridade, Porral rematou cunha vaselina un balón que se foi rozando o pau.

O cero a cero abocou a final á quenda de penaltis, na que a moeda caeu do lado dos amarelos, que xa pasaran así a primeira eliminatoria da competición, fronte ao Viveiro CF B.



O campión de Copa Xuvenil, a Sarriana, posa para Líder



Os dous conxuntos finalistas posando tralo encontro

O Polvorín FC levantou o último trofeo da temporada. O equipo de Kubal proclamouse campión da Copa Deputación tras impoñerse á Sarriana nunha final igualada que se decidiu na quenda de penaltis.

O encontro rematou con cero a cero no marcador

despois de noventa minutos no que os amarelos tiveron máis balón, pero igual balance en ataque que os brancos.

Na primeira parte, Dani e Porral tiveron en dous man a man as ocasións máis claras para adiantar aos de Montirón pero Edgar

A Sarriana fallou o primeiro e o cuarto lanzamento, que se estreleu no longueiro. O Polvorín tamén tirou arriba o cuarto, pero Speedy converteu o quinto e asinou a vitoria dos de Kubala, que dilúen coa Copa os sinsabores do Provincial.

4-3

NA QUENDA DE PENALTIS

Speedy asinou a vitoria do seu equipo ao transformar o último lanzamento da final no campo da Cheda

CAMPIÓN XUVENÍS COPA DEPUTACIÓN POLVORÍN FC

TEMPADA 2018 | 19





A DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

DEPOR CAMPUS

O VIVEIRO ORGANIZA POR CUARTO ANO CONSECUTIVO, en colaboración co Deportivo da Coruña, este evento que se levará a cabo do 8 ao 12 de xuño

Durante esa semana, os asistentes participarán en sesións de adestramento dirixidas por técnicos dos equipos da canteira branquiazul, coa colaboración de adestradores do club mariñao.

O Campus está dirixido a nenos entre os 6 e os 14 anos que teñen unha oportunidade de mellorar a súa formación como futbolistas, seguindo a metodoloxía de traballo dun club profesional.

O obxectivo é que os participantes adquiran habilidades e conceptos relacionados coa coordinación do propio corpo, co manexo do balón ou coa resposta en accións de un para un ou de dous para un.

Para iso propóranse distintos contextos de ensinanza: circuitos coordinativos, xogos de relación co balón, rondos básicos e posicionais, xogos de posición, partidos reducidos (3x3, 5x5) e mesmo una competición interna con situacións de xogo reais.

As sesións desenvolveranse de 10.00 h. a 14.00 h. en varios grupos de traballo segundo as idades. O RC Deportivo proporciona a cada participante unha equipación completa, camiseta, pantalón e medias que os adestradores branquiazuis entregarán o primeiro día do Campus. A inscrición inclúe tamén un almorzo a media mañá.

Inscricións

Os interesados en participar no Campus poden inscribirse a través da web deporcampus.rcdeportivo.es ata o vindeiro 4 de xullo, o xoves anterior ao inicio do campus. A tarifa é de 120 euros ou 100, con desconto, para xogadores do Viveiro CF, socios e accionistas do Real Club Deportivo, así como para as familias numerosas, para as que inscriban a máis dun fillo ou que teñan máis dunha persoa en paro.

Once sedes

Viveiro forma parte dunha rede de sedes coas que o Deportivo da Coruña achega a súa experiencia e estrutura de base a outros clubs cos que mantén acordos formativos. A localidade mariñá e Monforte son os únicos lugares da provincia nos que os xogadores da provincia dispoñen desta oportunidade de primeiro nivel.

A actividade desenvolverase tamén ao longo do verán en Abegondo, As Pontes, Bertamirans, Boiro, Caranza (Ferrol), Cuntis, Ourense e Zas. Ademais, organízase un campus na localidade cántabra de Camargo.



OUTRAS SEDES

OS DÉPORCAMPUS ESTÁN PRESENTES EN TODA GALICIA, LOCALIZA A TUA SEDE MÁIS PRÓXIMA!



24-28 XUÑO
24-28 XUÑO
24-28 XUÑO
24-28 XUÑO
1-5 XULLO

AS PONTES
BOIRO
OURENSE
ZAS
REVILLA DE CAMARGO (CANTABRIA)

1-5 XULLO
8-12 XULLO
8-12 XULLO
15-19 XULLO

CARANZA
BERTAMIRANS
CUNTIS
MONFORTE



ADEMÁS ESTE ANO OS DÉPORCAMPUS ESTARÁN PRESENTES TAMÉN EN SHANGHAI (CHINA), GINEBRA (SUÍZA), MIAMI E VIRGINIA (EEUU).



E NA CIDADE DEPORTIVA DE ABEGONDO DO 24 DE XUÑO AO 2 DE AGOSTO!

INSCRÍBETE E INFÓRMATE

DEPORCAMPUS.RCDEPORTIVO.ES

✉ deporcampus@rcdeportivo.es

☎ 981 25 95 00 Ext. 1 - 2



Colabora

GADIS



RCDEPORTIVO



QUE É O DÉPORCAMPUS VIVEIRO?



UNHA EXPERIENCIA ÚNICA E EMOCIONANTE

Adquire bases e supervisión dos técnicos do equipo do RC Deportivo, mellorando as túas habilidades, gozando de xogos, novas amizades e experiencias únicas.

O DeporCampus segue ampliando as súas actividades, fomentando o xogo limpo, o compañerismo, a solidariedade e a amizade co equipo do Fútbol.

MELLORA AS TÚAS
HABILIDADES NUNHAS
CONDICIÓN DE
ADESTRAMENTO IDEAIS
PARA OS XOGADORES

TARIFAS E DATAS

TARIFAS 2019

NORMAL BENEFACTORIA

120€ 100€

LUN	MAR	MIÉ	DOV	VEN	SÁB	SAB
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

Precedentes e subscricións de actividades anteriores poden ser prioritarias.

XORNADAS DE
ADESTRAMENTO
E DIVERSIÓN COS
ADESTRADORES DO
RC DEPORTIVO

BENEFICIARIOS

- Socios e accionistas do RC Deportivo
- Familias con máis dun membro en paro
- Familias que inscriban máis dun fillo
- Familias numerosas (desconto para cada neno)
- Xogadores do RC Deportivo
- Xogadores do Viveiro RC Deportivo
- Xogadores do Viveiro RD

Descontos non acumulables



Horario de 10:00 a 14:00 horas

Grupos reducidos mediante a plataforma online

Grupos de inscrición e inscrición de inscricións

Inscrebete a través da web antes do 4 de xuño de 2019

QUE INCLÚE?



EQUIPAMENTO DEPORTIVO,
NOVO DISEÑO EXCLUSIVO!
UNIFORME COMPLETO QUE INCLÚE CAMISETA, PANTALÓN, MEDIAS E CALZADO.
O EQUIPAMENTO É DE USO COMÚN PARA TODOS OS XOGADORES. A SÚA ENTREGA FAZSE O PRIMEIRO DÍA DO CAMPUS.



SEGURO DE ACCIDENTES
DEPORTIVOS



ALMOZOS
PAGA O PARTICIPANTE



DIPLOMA



FESTA DE CLAUSURA
CON AGASALLOS E PREMIOS



ENTRADAS
PARA UN PARTIDO DO DEPOR



METODO DEPOR

RESPECTO, SOLIDARIEDADE,
AMIZADE, XOGO LIMPO,
INTEGRACIÓN, ESFORZO
E FELICIDADE

OBJECTIVOS

- Habilidades e conceptos en relación co corpo
- Relación co equipo
- Respeto coa natureza e coa comunidade
- Coordinación motora e física
- Competición coa comunidade deportiva
- Partidos nun contexto deportivo
- Transmisión dos valores que representa o Depor

CONTEXTOS DE ENSEÑANZA

- Circuitos coordinativos
- Xogos de relación co balón
- Partidos reducidos (3x3, 5x5)
- Partidos de fútbol
- Partidos de fútbol
- Partidos de fútbol



A DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

